



Catálogo 2019

PRESENTACIÓN

Na creación, consolidación e apoio do cooperativismo as entidades representativas xogamos un papel esencial. A **Unión de Cooperativas EspazoCoop** desenvolve e colabora en estratexias e programas que reforcen o cooperativismo, e especialmente ás súas cooperativas asociadas.

Actuamos como axente de intermediación entre as administracións públicas, o tecido socioeconómico e as persoas interesadas, co obxectivo de mellorar a visibilidade e o impacto que ten o cooperativismo na sociedade, de **apoiar e acompañar ás cooperativas socias na súa consolidación e evolución, prestar soporte na creación de novas cooperativas, e mesmo promover e difundir o cooperativismo entre a sociedade.**

Con eses fins presentamos a través deste **Catálogo 2019** distintas actividades e servizos que temos previstos para este ano, con carácter gratuito para as beneficiarias e cooperativas socias.

Se tes interese en participar nas propostas que ofrecemos, ou necesitas máis información, non dubides en contactar con nós :

A Coruña | Travesía de San José 10, Ent. A – 15002 | 881 887 456

Santiago de Compostela | Hórreo 104, baixo, esquerda – 15701 | 981 57 55 78


Vigo | Taboada Leal 15, entreplanta – 36203 | 986 866 149

info@espazo.coop – www.espazo.coop -   



E se es cooperativa, busca o símbolo gráfico **SOMOS COOP**, porque indicará que é :

Actividade recomendada para Cooperativas!



MEETING ECONOMÍA SOCIAL

Sesiões de networking e intercooperación entre entidades de economía social e do cooperativismo que permitan avanzar no coñecemento mutuo das organizacións, na identificación de necesidades, na prestación de servizos ou na realización de estratexias de cooperación e colaboración.

Entre outras temáticas previstas para os Meeting, están: Axudas á Innovación; Financiamento; Retos Tecnolóxicos; Diversificación do Rural; Internacionalización, etc.

LUGARES E DATAS

- Santiago – 28 de xaneiro 2019 | Axudas do Inega e presentación de Nosa Enerxía.
- Santiago – 20 de febreiro 2019 | Axudas Aprod Economía Social 2019
- Santiago – 24 de abril 2019 | Encontro para cooperativas do ámbito da consultoría social
- Santiago – maio 2019 (1ª semana) | Diversificación no rural: posibilidades e procesos
- Santiago – maio 2019 (3ª semana) | Diversificación no rural: posibilidades e procesos
- Santiago – 27 de maio 2019 | Industria 4.0
- Santiago – xuño 2019 (2ª semana) | Diversificación no rural: posibilidades e procesos
- Lugar por confirmar – xullo 2019 (1ª semana) | Financiamento
- Santiago – xullo 2019 (1ª quincena) | Internacionalización de cooperativas e empresas de economía social. Casos e experiencias de éxito
- Lugar por confirmar – setembro 2019 | Temática por confirmar
- Lugar por confirmar – setembro 2019 (1ª quincena) | Financiamento

DESTINATARIAS

- socias, socios, e persoal de cooperativas e entidades de economía social
- persoas interesadas no emprendemento cooperativo, e público xeral

DURACIÓN

2 horas

HORARIO

10.00 – 12.00 horas



Recomendada para cooperativas

En colaboración co Foro pola Economía Social Galega.

Esta actividade está enmarcada na programación 2019 da Rede Eusumo – Xunta de Galicia (1)

INTERCOOPERACIÓN



PROFESIONALIDADE E COMPROMISO COS VALORES DO COOPERATIVISMO
COOPERATIVAS CULTURAIS
UNIÓN DE COOPERATIVAS ESPAZO COOP - www.espazo.coop

XORNADA COOPERATIVISMO CULTURAL COMO ELEMENTO TRANSFORMADOR

Xornada sobre que fai a cultura polo cooperativismo. Pretende dar a coñecer a realidade do sector cultural en Galicia e noutros territorios e identificar solucións creativas para consolidar empresas cooperativas.

Busca tamén, establecer intercambio de proxectos culturais e dinamización de colaboracións interterritoriais; presentar as potencialidades da lei de contratos do sector público; e determinar demandas do sector diante das administracións públicas.

LUGARES E DATAS

Galicia – Datas pendentes

DESTINATARIAS

- socias, socios, e persoal de cooperativas
- persoal de asociacións de cooperativas e entidades de economía social
- persoas interesadas no emprendemento cooperativo, e público xeral

DURACIÓN

4 horas – 10-14 horas.



Recomendada para cooperativas

Esta actividade está enmarcada na programación 2019 da Rede Eusumo – Xunta de Galicia (1)

SECTORIAL | COOPERATIVAS ÁMBITO CULTURAL



XORNADAS: AS COOPERATIVAS DE ENSINO E OS RETOS INMEDIATOS

Xornadas de traballo sobre a realidade actual dos centros educativos cooperativos en Galicia ante problemáticas comúns, como poden ser o relevo xeracional ou os novos retos na captación de alumnado, entre outros máis, tamén para recoller demandas do sector dirixidas ás administracións. Ademais para difundir proxectos educativos das cooperativas de ensino; e estimular a colaboración entre cooperativas, ou entre estas e outros axentes nos eidos da aprendizaxe cooperativa e o emprendemento.

1| A primeira xornada prevista en 2019 en maio tratará sobre a mellora do traballo colaborativo en entornos de aprendizaxe dinámicos, para contribuír á flexibilidade e á eficiencia. Está dirixida as cooperativas de ensino, centros de economía social, pero tamén ao público e cidadanía interesada.

2| A segunda xornada será en xuño e terá un carácter máis interno. Estará dirixida a socias/os membros de consellos reitores e directivas dos colexios cooperativos e consistirá nunha posta en común das problemáticas dos centros e estratexias para enfocar solucións (tanto a nivel individual de cada centro, como mediante o posicionamento colectivo a través da Unión de Cooperativas)

LUGARES, DATAS E HORARIOS

- Santiago de Compostela – 4 de maio 2019 | Estratexia de liderado grupal dos claustros nas Cooperativas de Ensino | 10 – 14 h. e de 16 – 18 h. (1)

- Santiago de Compostela – 7 de xuño 2019 | Análise de problemáticas concretas xurdidas na xestión diaria dos centros de ensino de economía social | 17 h. - 19.30 h.

DESTINATARIAS

socias, socios, e persoal de cooperativas de ensino e público xeral

DURACIÓN


6 horas a xornada do 4 de maio | 2 h. 30 m. a xornada do 7 de xuño




Recomendada para cooperativas

Esta actividade está enmarcada na programación 2018 da Rede Eusumo – Xunta de Galicia (1)

SECTORIAL | COOPERATIVAS DE ENSINO

	BOLSAS DE APOIO Á MELLORA Un Programa de Mellora e Consolidación para cooperativas e organizacións de ES, que en 2019 ofrece 7 bolsas de 4 meses para apoiar a función xerencial e procesos de mellora nas cooperativas e entidades de economía social beneficiarias. Mediante a incorporación na organización dunha persoa con formación empresarial, se realizarán labores de apoio e mellora na cooperativa ou entidade de ES. As bolsas contan cun programa formativo teórico-práctico para as bolseiras, que están titorizadas pola Unión.	
LUGARES E DATAS	- En función da demanda, nos lugares das cooperativas e entidades beneficiarias - Estadía nas cooperativas de abril a xullo 2019	
DESTINATARIAS	Cooperativas e entidades de economía social	Persoas desempregadas con titulación na área empresarial
DURACIÓN	4 meses, estadía de prácticas de abril a xullo 2019 37 horas e media semanais	
	Recomendada para cooperativas Esta actividade está enmarcada na programación 2019 da Rede Eusumo – Xunta de Galicia (1)	
CONSOLIDACIÓN		



PROGRAMA ESPECIALIZADO DE FORMACIÓN XERENCIAL

Programa de formación especializada e presencial para equipos de consellos reitores, cadros xerenciais e directivos de cooperativas, en temáticas de xestión empresarial, liderado, innovación, etc. Impartido por persoal docente experto, consta de 5 módulos que se realizan no período 2018-2019 (en 2018 realizáronse os módulos I e II, e en 2019 prográmanse os módulos III, IV e V).

LUGARES E DATAS

- Santiago – Módulo III, Liderado cooperativo e xestión de equipos. 22 febreiro e 1 marzo 2019
- Santiago – Módulo IV, Sácalle partido! Comercia, comunica e vende. 15 e 22 abril 2019
- Santiago – Módulo V, Fiscalidade e aspectos contables avanzados de cooperativas. 23 e 30 de maio 2019

DESTINATARIAS

- socias, socios, e persoal de cooperativas
- persoal de entidades de economía social

DURACIÓN

- Módulo III, 15 horas
- Módulo IV, 15 horas
- Módulo V, 15 horas



Recomendada para cooperativas

- Esta actividade está enmarcada na Programación 2019 da Rede Eusumo – Xunta de Galicia (1)
- Esta actividade está enmarcada no programa Poises. Co apoio do Fondo Social Europeo (2)

CONSOLIDACIÓN



ESPAZOS EFÉMEROS POP-UP

Unha iniciativa que posibilita experiencias de venda e promoción de produtos e servizos por tempo limitado en espazos públicos.

Os proxectos participantes acadan unha importante aprendizaxe, que lles axuda a perfeccionar o seu modelo de negocio, xa que poderán testar de forma directa coa clientela, usuarias e consumidoras, produtos ou servizos antes do seu lanzamento “oficial” ao mercado, co fin de axustar aspectos dos mesmos.

A actividade acompáñase dun servizo personalizado de asesoramento e formación ás beneficiarias en materia comercial, e dunha campaña de difusión previa a cada evento POP-UP co fin de que a potencial clientela se achegue ao espazo POP-UP e poida coñecer e mesmo mercar os produtos-servizos das entidades participantes.

Entre 15 e 20 participantes por evento.

LUGARES E DATAS

- Vigo. Mercado do Progreso. 9, 10 e 11 de maio 2019.
- A Coruña. Centro Comercial Marineda City. 7, 8 e 9 de novembro 2019.

DURACIÓN

Tres días cada evento

DESTINATARIAS

- cooperativas e entidades de economía social
- persoas interesadas no emprendemento cooperativo e na economía social



Recomendada para cooperativas

Actividade enmarcada no programa Laces. Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal (4)

CONSOLIDACIÓN

Aceleradora de proxectos de economía social

	ACELERADORA DE PROXECTOS DE ECONOMÍA SOCIAL A Aceleradora selecciona 7 proxectos, coa meta de realizar procesos de formación e asesoramento a iniciativas cooperativas e de economía social de calquera sector : - tanto para empresas de nova creación - como para a consolidación de proxectos e empresas que xa están en funcionamento
LUGARES E DATAS	- Candidaturas de proxectos – ata 26 de outubro 2018 - Evento de selección de proxectos - Pontevedra – 20 de novembro 2018 - Aceleradora (Formación + Acompañamento) - Galicia – ata xuño 2019 - Foro de captación de financiamento – previsto entre xuño e xullo 2019
DESTINATARIAS	- Cooperativas e entidades de economía social - Persoas interesadas no emprendemento cooperativo e na economía social
DURACIÓN	- Formación – 20 horas - Acompañamento - 40 horas por proxecto
	Recomendada para cooperativas Actividade enmarcada no programa Laces. Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal (4)

CONSOLIDACIÓN + CREACIÓN DE COOPERATIVAS

Guía de casos: da crise á autoxestión. Empresas recuperadas



GUÍA DE CASOS: DA CRISE Á AUTOXESTIÓN. EMPRESAS RECUPERADAS

Elaboración e edición dun manual para divulgar e promover a transformación de empresas e outras entidades (asociacións...) en fórmulas cooperativas e de economía social. Contará con información de interese, recursos, pasos de cara á transformación, boas prácticas e casos de éxito en funcionamento.

LUGARES E DATAS

Galicia | Antes de outubro 2019

DESTINATARIAS

- socias, socios, e persoal de cooperativas e entidades de economía social
- público e cidadanía en xeral



Recomendada para cooperativas

Esta actividade está enmarcada na programación 2019 da Rede Eusumo – Xunta de Galicia (1)

DIVULGACIÓN



9º FORO INTERCOMUNITARIO DE INVESTIGACIÓN XUVENIL

Promove a **investigación** entre o alumnado dos centros de ensino de distintas comunidades autónomas. Empregan a aula, o laboratorio, o entorno e os medios materiais axeitados para adquirir competencias básicas e motivar no estudo práctico das ciencias experimentais, humanísticas, ou lingüísticas. E favorece a **divulgación** desta experiencia na comunidade escolar.

LUGARES E DATAS

Galicia – Datás pendentes, previsión: último trimestre 2019

DESTINATARIAS

- Cooperativas de ensino e centros de ensino de economía social galegos e doutros territorios do estado.
- Alumnado de cooperativas de ensino e centros de ensino de economía social das distintas comunidades autónomas do estado.

DURACIÓN

3 días

HORARIO

Mañá e tarde



Recomendada para cooperativas

INTERCOOPERACIÓN

	SEMINARIO DE PRESENTACIÓN DA AXENDA DO SECTOR TIC Seminario de presentación da “Axenda Sectorial do Sector Tic”. Despois da elaboración dunha Axenda no ámbito Tic para formentar a creación e consolidación de empresas de economía social no sector, cómpre a súa presentación pública para dala a coñecer e abrir a posibilidade de utilizar este coñecemento. A Axenda conta con apartados como, a Radiografía do sector, a Economía Social no ámbito TIC; Casos de éxito a nivel internacional; un Plan director; un Sistema de avaliación e seguimento do plan de creación e consolidación de empresas de economía social nas TIC; e Anexos.
LUGARES E DATAS	2 Edicións Edición I en Pontevedra, Edición II en Portugal Setembro 2019
DESTINATARIAS	- Cooperativas e entidades de economía social, ámbito Tic - Persoas interesadas no emprendemento cooperativo e na economía social, ámbito Tic - Público e cidadanía en xeral
DURACIÓN	4 horas
HORARIO	Mañá
	Recomendada para cooperativas Actividade enmarcada no Programa Laces. Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal (4)

DIVULGACIÓN

Canle comunicativa temática: Economía social no sector Tic

	CANLE COMUNICATIVA TEMÁTICA : ECONOMÍA SOCIAL NO SECTOR TIC Canles comunicativas nas redes sociais con contidos divulgativos sobre economía social como xeradora de emprego de calidade no sector das TIC, poñéndoa en valor.
LUGARES E DATAS	- Facebook – Twitter – Instagram – Youtube – Telegram - Whatsapp - Anual
DESTINATARIAS	- Empresas cooperativas, de economía social, e doutras fórmulas do sector TIC. - Persoas interesadas no emprendemento cooperativo e na economía social no sector TIC. - Público interesado en xeral, e en particular grupos da sociedade máis xoves.
DURACIÓN	Anual
	Recomendada para cooperativas Actividade enmarcada no programa Laces. Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal (4)


DIVULGACIÓN

Canle comunicativa temática: Economía social no sector Cultural

	CANLE COMUNICATIVA TEMÁTICA : ECONOMÍA SOCIAL NO SECTOR CULTURAL Canles comunicativas nas redes sociais con contidos divulgativos sobre economía social como xeradora de emprego de calidade no sector da Cultura, poñéndoa en valor.
LUGARES E DATAS	- Facebook – Twitter – Instagram – Youtube – Linkedin - Anual
DESTINATARIAS	- Empresas cooperativas, de economía social, e doutras fórmulas do sector Cultura. - Persoas interesadas no emprendemento cooperativo e na economía social no sector Cultura. - Público interesado en xeral, e en particular grupos da sociedade máis xoves.
DURACIÓN	Anual
	Recomendada para cooperativas Actividade enmarcada no programa Laces. Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal (4)

PROMOCIÓN COOPERATIVA – ÁMBITO CULTURA

Impacto social no teu proxecto: Canvas social, economía social



IMPACTO SOCIAL NO TEU PROXECTO: CANVAS SOCIAL, ECONOMÍA SOCIAL

Servizo de consultoría mediante a ferramenta : Canvas Social.
Permite un análise e representación do modelo de relacións e de proposta de intercambio de valor nun proxecto empresarial, coa ampliación ao enfoque de economía social (manexando principios e valores deste tipo de entidades e outro xeito de entender a viabilidade da actividade económica). Trabállase dende un punto de vista integrado dos procesos, o deseño e maduración de oportunidades de negocio na economía social. Procura o impacto social positivo, e presta apoio na construción de mellores modelos de negocio e de novas oportunidades.

LUGARES E DATAS

Galicia – Anual

DESTINATARIAS

- Cooperativas e entidades de economía social
- Persoas interesadas no emprendemento cooperativo e na economía social



Recomendada para cooperativas

Actividade enmarcada no Programa Laces. Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal (4)

CONSOLIDACIÓN + CREACIÓN COOPERATIVAS

Manual Divulgación da Economía Social en Galicia


	MANUAL DIVULGACIÓN DA ECONOMÍA SOCIAL EN GALICIA Elaboración e edición dun manual para divulgar as diferentes realidades da economía social en Galicia. Con información, datos e entrevistas a casos de éxito en funcionamento.
LUGARES E DATAS	Galicia 1º semestre 2019
DESTINATARIAS	- socias, socios, e persoal de cooperativas e entidades de economía social - público e cidadanía en xeral
	Recomendada para cooperativas Esta actividade está enmarcada na programación 2019 da Rede Eusumo – Xunta de Galicia (1)

DIVULGACIÓN

Orientación e acompañamento para CRECER COMO COOPERATIVA

	ORIENTACIÓN E ACOMPAÑAMENTO PARA CRECER COMO COOPERATIVA Servizos destinados ás cooperativas galegas que están asociadas á Unión de Cooperativas EspazoCoop. >> Apoio na xestión (temas fiscais, societarios, e outros) >> Instrumentos financeiros >> Apoio en axudas específicas ás cooperativas >> Formación >> Plans de mellora, consolidación, e crecemento cooperativo >> Servizo xurídico en materia educativa (para cooperativas de ensino) >> Intercooperación >> Representación, interlocución do sector cooperativo, e incidencia política >> Promoción cooperativa e comunicación >> Información e recursos de interese >> Participación na Unión de Cooperativas
LUGARES E DATAS	- A Coruña Oficina da Unión de Cooperativas EspazoCoop - Travesía de San José 10, entreplanta A - Santiago de Compostela Oficina da Unión de Cooperativas EspazoCoop -r/ do Hórreo 104, baixo, esquerda - Vigo Oficina da Unión de Cooperativas EspazoCoop r/ Taboada Leal 15, entreplanta Anual
DESTINATARIAS	Cooperativas socias
	Recomendada para cooperativas - Estes servizos están enmarcados na programación 2019 da Rede Eusumo – Xunta de Galicia (1) - Esta actividade está enmarcada no programa Poises. Co apoio do Fondo Social Europeo (2)

CONSOLIDACIÓN

	ORIENTACIÓN E ACOMPAÑAMENTO NO EMPRENDEMENTO COOPERATIVO Impulso de novas cooperativas, ofrécese información, orientación e acompañamento especializado a persoas e grupos pre-cooperativos. Servizo prestado a través de profesionais experimentadas e coñecedoras das particularidades do modelo cooperativo e de todos os aspectos que lle dan valor, con máis de 20 anos de experiencia no sector traballando no emprendemento cooperativo. - Novas cooperativas - Transformación do proxecto empresarial en cooperativa - Transmisión do proxecto empresarial por xubilación O servizo presenta útiles financeiros a favor dos proxectos da economía social e cooperativa (finanzas éticas e responsables). >> Accións realizadas de acordo co “Itinerario do Emprendemento en Economía Social” - Xunta de Galicia >> Programa Emprendegal
LUGARES E DATAS	- A Coruña Oficina da Unión de Cooperativas EspazoCoop - Travesía de San José 10, entreplanta A - Santiago de Compostela Oficina da Unión de Cooperativas EspazoCoop -r/ do Hórreo 104, baixo, esquerda - Vigo Oficina da Unión de Cooperativas EspazoCoop r/ Taboada Leal 15, entreplanta Anual
DESTINATARIAS	- persoas interesadas no emprendemento cooperativo - persoas de empresas mercantís, asociacións, e outras organizacións, interesadas na transformación - persoas de proxectos empresariais interesadas na transmisión por xubilación - público xeral
COLABORACIÓN	- Esta actividade está enmarcada na programación 2019 da Rede Eusumo – Xunta de Galicia (1) - Esta actividade está enmarcada no programa Poises. Co apoio do Fondo Social Europeo (2)

Formación cooperativa para persoas que queren emprender



FORMACIÓN COOPERATIVA PARA PERSOAS QUE QUEREN EMPRENDER

Iniciación ao modelo cooperativo como fórmula de autoemprego cooperativo. Dá a coñecer as súas características sociais e económicas, e presenta unha experiencia real dunha cooperativa en funcionamento.

LUGARES E DATAS

- Vigo - 31 xaneiro, 1, 5, 7 de febreiro 2019
- Mos - do 21, 22, e 27 de marzo 2019
- A Coruña - do 23 ao 26 de abril 2019
- Porto do Son - do 21 ao 24 maio 2019

DESTINATARIAS

- socias, socios, e persoal de cooperativas
- persoas interesadas no emprendemento cooperativo, e público en xeral

DURACIÓN

20 horas

HORARIO

9.30 – 14.30 horas



Recomendada para cooperativas

- Esta actividade está enmarcada na programación 2019 da Rede Eusumo – Xunta de Galicia (1)
- Esta actividade conta co apoio do Fondo Social Europeo no marco do programa Poises (2)

FORMACIÓN PRESENCIAL

Por que non traballamos en equipo?



POR QUE NON TRABALLAMOS EN EQUIPO?

Trabállase a mellora das habilidades para o traballo en equipo, co obxectivo de saber como desenvolver habilidades persoais claves no traballo colaborativo. Dá a coñecer recursos e metodoloxías para aplicalas en contornos e contextos cooperativos.

LUGARES E DATAS

- Vigo – do 23 ao 26 abril 2019

DESTINATARIAS

- socias, socios, e persoal de cooperativas
- persoas interesadas no emprendemento cooperativo, e público en xeral

DURACIÓN

20 horas

HORARIO

9.30 – 14.30 horas



Recomendada para cooperativas

- Esta actividade está enmarcada na programación 2019 da Rede Eusumo – Xunta de Galicia (1)
- Esta actividade está enmarcada no programa Poises. Co apoio do Fondo Social Europeo (2)

FORMACIÓN PRESENCIAL

Elabora o teu plan de empresa cooperativo



ELABORA O TEU PLAN DE EMPRESA COOPERATIVO

Formación práctica das condicións e pasos a dar para o emprendemento cooperativo. Que analizar e ter en conta para facer da nosa idea un proxecto cooperativo viable.

Elaboración práctica do plan de empresa, e presentación dos requisitos necesarios para grupos pre-cooperativos.

LUGARES E DATAS

- Sada - do 25 ao 28 febreiro 2019
- Boiro - do 26 ao 29 marzo 2019
- Vigo - do 9 ao 12 abril 2019
- Área da Mancomunidade de Vigo - do 4 ao 7 xuño 2019

DESTINATARIAS

- socias, socios, e persoal de cooperativas
- persoas interesadas no emprendemento cooperativo
- público xeral

DURACIÓN

20 horas

HORARIO

9.30 – 14.30 horas



Recomendada para cooperativas

- Esta actividade está enmarcada na programación 2019 da Rede Eusumo – Xunta de Galicia (1)
- Esta actividade está enmarcada no programa Poises. Co apoio do Fondo Social Europeo (2)

FORMACIÓN PRESENCIAL

Achegándonos ao conflito. Habilidades sociais para a xestión do conflito



ACHEGÁNDONOS AO CONFLITO. HABILIDADES SOCIAIS PARA XESTIÓN DO CONFLITO

Formación para comprender que o conflito é algo natural que está presente na nosa vida. Dá a coñecer as diferentes fontes das que xurde o conflito, e experimenta os diferentes estilos de afrontalo. Ofrece xeitos construtivos de xestionar as situacións de conflito.

LUGARES E DATAS

- Sada - 4, 6, 7, e 11 de marzo 2019
- Vigo - do 21ao 24 de maio 2019

DESTINATARIAS

- socias, socios, e persoal de cooperativas
- persoas interesadas no emprendemento cooperativo, e público xeral

DURACIÓN

20 horas

HORARIO

9.30 – 14.30 horas



Recomendada para cooperativas

- Esta actividade está enmarcada na programación 2019 da Rede Eusumo – Xunta de Galicia (1)
- Esta actividade conta co apoio do Fondo Social Europeo (2)

FORMACIÓN PRESENCIAL

Dinamización do cooperativismo nun sector con potencial



DINAMIZACIÓN DO COOPERATIVISMO NUN SECTOR CON POTENCIAL

Formación cooperativa sectorial, que trata de impulsar este modelo nun sector con potencial.

Dá a coñecer e analiza a realidade específica do sector elixido e ofrece ferramentas para dinamizalo, a través do uso da fórmula cooperativa.

LUGARES E DATAS

- Boiro - do 9 ao 12 abril 2019
- Santiago de Compostela – 11, 13, 18 e 20 de xuño 2019

DESTINATARIAS

- socias, socios, e persoal de cooperativas
- persoas interesadas no emprendemento cooperativo, e público xeral

DURACIÓN

20 horas

HORARIO

9.30 – 14.30 horas

COLABORACIÓN

Esta actividade está enmarcada na programación 2019 da Rede Eusumo – Xunta de Galicia(1) || E programa Poises - Fondo Social Europeo (2)

FORMACIÓN PRESENCIAL

Cooperativas de Ensino. Unha alternativa de emprego



COOPERATIVAS DE ENSINO. UNHA ALTERNATIVA DE EMPREGO

Presentar a cooperativa de ensino como un modelo de alternativa laboral para aquelas persoas que dexesen traballar no eido educativo, incidindo nos valores e principios que rexen o movemento cooperativo.

Informar sobre a situación actual do sector en Galicia, perspectivas e opcións de entrada para aquelas persoas interesadas. Presentar experiencias consolidadas.

LUGARES E DATAS

- Vigo – 7, 8, 14, 15 maio 2019
- A Coruña – do 10 ao 13 setembro 2019

DESTINATARIAS

- socias, socios, e persoal de cooperativas de ensino
- persoas interesadas no emprendemento cooperativo, e público xeral

DURACIÓN

20 horas

HORARIO


9.30 – 14.30 horas



Recomendada para cooperativas

Esta actividade está enmarcada: na Programación 2019 da Rede Eusumo - Xunta de Galicia (1) e no Programa Poises co apoio do Fondo Social Europeo (2)

FORMACIÓN PRESENCIAL



CONTABILIDADE PARA O EMPRENDEMENTO COOPERATIVO

Amosa desde o punto de vista práctico que é e para que serve a contabilidade nun proxecto cooperativo. Dá a coñecer o proceso contable e a súa relación co resto de ámbitos da empresa cooperativa para a toma de decisións.

Capacita para empregar ferramentas contables de xeito previsional, para interpretar os principais estados financeiros e para coñecer ferramentas e recursos de apoio na xestión contable.

LUGARES E DATAS

- Vigo – do 16 ao 19 xullo 2019

DESTINATARIAS

- socias, socios, e persoal de cooperativas
- persoas interesadas no emprendemento cooperativo
- público xeral

DURACIÓN

20 horas

HORARIO

9.30 – 14.30 horas



Recomendada para cooperativas

- Esta actividade está enmarcada na programación 2019 da Rede Eusumo – Xunta de Galicia (1)
- Esta actividade está enmarcada no programa Poises. Co apoio do Fondo Social Europeo (2)

FORMACIÓN PRESENCIAL



FORMACIÓN DE TITORAS XERENCIAIS

(Programa 'Bolsas de Apoio á Mellora')

Formar ás persoas candidatas a bolseiras dunha estadía en prácticas na área xerencial dunha cooperativa ou empresa da economía social.

Formación sobre o modelo cooperativo e das empresas da economía social. Consta de 3 módulos: Formación cooperativa básica; Habilidades sociais e organización societaria en cooperativas; e Plan de mellora e recursos disponibles.

LUGARES E DATAS

Santiago, do 12 ao 15 marzo 2019

DESTINATARIAS

Persoas candidatas a unha bolsa de xerencia en cooperativas e entidades de economía social

DURACIÓN

20 horas

HORARIO


9.30 – 14.30 horas

COLABORACIÓN

Recomendada para cooperativas

- Esta actividade está enmarcada na programación 2019 da Rede Eusumo – Xunta de Galicia (1)
- Esta actividade está enmarcada no programa Poises. Co apoio do Fondo Social Europeo (2)

FORMACIÓN PRESENCIAL



FORMACIÓN: A ECONOMÍA SOCIAL E AS TIC

Iniciativa coa que se desenvolverá por unha parte a creación dos contidos dunha acción formativa en liña que versará sobre os conceptos e temas clave da economía social e que comprenderá outros módulos sobre ferramentas Tic que poden favorecer a mellora empresarial .

Ademais, e por outro parte, esta actividade contempla a impartición dunha edición desta formación en liña.

LUGARES E DATAS

Galicia | Elaboración de contidos da acción formativa: de abril a xuño 2019
Galicia | Impartición da acción formativa: de xullo a decembro 2019

DESTINATARIAS

- Cooperativas e organizacións de economía social
- Grupos de emprendemento cooperativo e de economía social
- Público e cidadanía en xeral

DURACIÓN

80 horas



Recomendada para cooperativas

Actividade enmarcada no Programa Laces. Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal (4)

TELEFORMACIÓN



FERRAMENTAS DE FINANCIAMENTO ÉTICO E ALTERNATIVO

Un curso que aborda a relación entre as finanzas e os proxectos económicos das persoas, as empresas e as colectividades. E ten por obxectivo fomentar a cultura da responsabilidade na xestión das finanzas, analizando as alternativas ao actual sistema financeiro, e sensibilizando sobre a importancia da ética nas finanzas.

LUGARES E DATAS

Do 12 marzo ao 3 abril 2019

DESTINATARIAS

- socias, socios, e persoal de cooperativas e de entidades de economía social
- persoas interesadas no emprendemento cooperativo, e público xeral

DURACIÓN

40 horas



Recomendada para cooperativas

Esta actividade está enmarcada na programación 2019 da Rede Eusumo – Xunta de Galicia (1)

TELEFORMACIÓN



RESPONSABILIDADE SOCIAL EMPRESARIAL NAS COOPERATIVAS

Comprender a RSE, temáticas e ámbitos. Analizar o desenvolvemento da RSE nos vindeiros anos, e coñecer as diferentes ferramentas para medir e avaliar a RSE.

Revisar o proceso de elaboración e os beneficios dunha Memoria de Sustentabilidade. Coñecer o proxecto RSE.Coop. Entender as boas prácticas de RSE no modelo cooperativo e coñecer o Balance Social.

LUGARES E DATAS

- Edición I do 5 ao 26 febreiro 2019
- Edición II do 7 ao 29 maio 2019

DESTINATARIAS

- socias, socios, e persoal de cooperativas
- persoas interesadas no emprendemento cooperativo
- público xeral

DURACIÓN


40 horas



Recomendada para cooperativas

Esta actividade está enmarcada na programación 2019 da Rede Eusumo – Xunta de Galicia (1)

TELEFORMACIÓN



INICIACIÓN Á COOPERATIVA DE TRABAJO

Contextualizar o movemento cooperativo no marco da economía social; proporcionar os coñecementos fundamentais sobre o cooperativismo de traballo e as súas especificidades; estudar o réxime económico e as súas implicacións; e mesmo comprender o concepto e a importancia intercooperación.

LUGARES E DATAS

- Edición I do 5 ao 26 febreiro 2019
- Edición II do 7 ao 29 maio 2019

DESTINATARIAS

- socias, socios, e persoal de cooperativas
- persoas interesadas no emprendemento cooperativo, e público xeral

DURACIÓN

40 horas



Recomendada para cooperativas

Esta actividade está enmarcada na programación 2019 da Rede Eusumo – Xunta de Galicia (1)



REGLAMENTO INTERNO NAS COOPERATIVAS

Presenta os diferentes aspectos da organización interna dunha cooperativa, e ofrece criterios a tomar en conta para deseñar un modelo propio adaptado a cada cooperativa.

Amosa en que consiste e cal é a función dun Regulamento de réxime interno na cooperativa.

Formula pasos e instrumentos para o proceso de deseño ou revisión dun Regulamento interno. Ademais, presenta modelos de regulación que faciliten a elaboración dun Regulamento propio.

LUGARES E DATAS

- Edición I do 1 marzo ao 5 abril 2019 (dúas sesións presenciais en Vigo, o 13 marzo e o 4 abril)
- Edición II do 8 abril ao 15 maio 2019 (dúas sesións presenciais en A Coruña, o 9 abril e o 7 maio)

DESTINATARIAS

- socias, socios, e persoal de cooperativas
- persoas interesadas no emprendemento cooperativo, e público xeral

DURACIÓN

40 horas

HORARIO

Dúas sesións presenciais de 16.30-20.30 horas



Recomendada para cooperativas

Esta actividade está enmarcada na programación 2019 da Rede Eusumo – Xunta de Galicia (1)

TELFORMACIÓN MIXTA



ASEMBLEAS E REUNIÓN

Formación coa que adquirir competencias para organizar reunións e asembleas baixo criterios de participación, eficacia, e bo clima grupal. Capacita para mellorar o funcionamento dos equipos de traballo, e presenta recursos útiles neste ámbito.

LUGARES E DATAS

- Edición I do 14 febreiro ao 20 marzo 2019
(dúas sesións presenciais en A Coruña, o 15 febreiro e o 15 marzo)
- Edición II do 8 abril ao 15 maio 2019
(dúas sesións presenciais en Vigo, o 10 abril e o 8 maio)

DESTINATARIAS

- socias, socios, e persoal de cooperativas
- persoas interesadas no emprendemento cooperativo, e público en xeral

DURACIÓN

40 horas

HORARIO

Dúas sesións presenciais de 16.30-20.30 horas



Recomendada para cooperativas

Esta actividade está enmarcada na programación 2019 da Rede Eusumo – Xunta de Galicia (1)



XESTIÓN DE COOPERATIVAS DE TRABALLO

Formación para estudar os procesos de xestión económica e fnanceira nunha cooperativa de traballo:

o réxime fiscal , a xestión laboral, procesos de traballo en equipo, e mesmo revisar a aplicación das tic na xestión dunha cooperativa.

LUGARES E DATAS

do 12 marzo ao 3 abril 2019

DESTINATARIAS

- socias, socios, e persoal de cooperativas
- persoas interesadas no emprendemento cooperativo, e público xeral

DURACIÓN

40 horas



Recomendada para cooperativas

Esta actividade está enmarcada na programación 2019 da Rede Eusumo – Xunta de Galicia (1)

TELEFORMACIÓN

	PROGRAMA SEMENTE Promover a adquisición de competencias emprendedoras, a través da creación e xestión dunha cooperativa escolar de fabricación de produtos, que posteriormente venderán nun mercado. Para iso, o programa reproduce situacións reais no proceso de constitución dunha empresacooperativa e as actividades posteriores.
LUGARES E DATAS	- A Coruña – 9 colexios De outubro 2018 a maio 2019 - A Coruña – Mercado do Programa Semente 31 de maio 2019
DESTINATARIAS	Alumnado de centros de educación primaria e especial
DURACIÓN	- 4 Seminarios. - Mercado do Programa Semente. 4 horas
HORARIO	- Seminarios, en función da demanda, adaptado ás necesidades dos colexios participantes - Mercado do Programa Semente. De 16 a 20 h.
COLABORACIÓN	Esta actividade está enmarcada nunha prestación de servizos ao Concello da Coruña (3)



E TI, COÑECES A FÓRMULA?

Seminarios de difusión do cooperativismo e a economía social en centros de ensino secundario e formación profesional, como vía de acceso ao emprego ao alumnado de Educación Secundaria e Formación Profesional da cidade de A Coruña.

LUGARES E DATAS

A Coruña – Todo o ano

DESTINATARIAS

Estudantes de centros de ensino secundario e formación profesional da cidade da Coruña

DURACIÓN

3 horas - A Coruña

HORARIO

En función da demanda

COLABORACIÓN

Esta actividade está enmarcada no convenio de colaboración 2019 co Concello de A Coruña (3)

DIVULGACIÓN E PROMOCIÓN COOPERATIVA

	SENSIBILIZACIÓN COOPERATIVA Sesiós e talleres para dar a coñecer a cooperativa como alternativa de emprego, como sistema de autoemprego colectivo, e trasladar as posibilidades e as vantaxes deste modelo para acceder ao mundo laboral. >> Programa Emprendegal [creación de cooperativas e emprego cooperativo]
LUGARES E DATAS	Galicia - Anual
DESTINATARIAS	- Persoas interesadas no emprendemento cooperativo - Entidades e organizacións interesadas - Público e entidades interesadas en xeral
DURACIÓN	Variable
HORARIO	En función da demanda
COLABORACIÓN	Esta actividade está enmarcada no programa Poises. Co apoio do Fondo Social Europeo (2)

DIVULGACIÓN E PROMOCIÓN COOPERATIVA

Alianzas e convenios con entidades para promover emprego cooperativo



ALIANZAS E CONVENIOS CON ENTIDADES PARA PROMOVER EMPREGO COOPERATIVO

Establecer convenios de colaboración ou alianzas entre entidades da economía social que favorezan a consolidación e os procesos de traballo colaborativos e de intercooperación, para impulsar emprego cooperativo.

>> Programa Emprendegal [creación de cooperativas e emprego cooperativo]

LUGARES E DATAS

Galicia - Anual

DESTINATARIAS

Entidades públicas e privadas interesadas en promover o emprego cooperativo

COLABORACIÓN

Esta actividade está enmarcada no programa Poises. Co apoio do Fondo Social Europeo (2)

INTERCOOPERACIÓN

CALENDARIO | Actividades e servizos 2019

| Meses |

| Actividades e servizos |

| XANEIRO | 2019

Xaneiro 28 Santiago de Compostela	Meeting Economía Social : Liñas de axudas no ámbito da enerxía, Inega – Cooperativismo de consumo enerxético, Nosa Enerxía
Xaneiro 31, e 1, 5, 7 Febreiro Vigo	Formación cooperativa para persoas que queren emprender
Xaneiro Galicia	Aceleradora de proxectos de economía social

| FEBREIRO | 2019

Febreiro 5 – 26	Iniciación á cooperativa de traballo
Febreiro 5 – 26	Responsabilidade social corporativa nas cooperativas
Febreiro 14 – 20 Marzo A Coruña	Asembleas e reunións
Febreiro 20 Santiago de Compostela	Meeting Economía Social : Axudas 2019 Fomento do Emprendemento en Economía Social 2019
Febreiro 22 e 1 Marzo Santiago de Compostela	Programa de formación especializada, módulo III: Liderado cooperativo e xestión de equipos
Febreiro 25 – 28 Sada	Elabora o teu plan de empresa cooperativo
Febreiro Galicia	Aceleradora de proxectos de economía social

| MARZO | 2019

Marzo 01 – 5 Abril Vigo	Regulamento de réxime interno en cooperativas
Marzo 4, 6, 7 e 11 Santiago de Compostela	Habilidades sociais para xestión do conflito
Marzo 12 – 15 Santiago de Compostela	Titoras xerenciais en cooperativas e empresas de economía social

Marzo 12 – 03 Abril 	Xestión de cooperativas de traballo asociado
Marzo 12 – 03 Abril 	Ferramentas de financiamento ético e alternativo
Marzo 21, 22 e 27 Mos	Formación cooperativa para persoas que queren emprender
Marzo Galicia	Aceleradora de proxectos de economía social

| ABRIL | 2019

Abril 1 – 31 Xullo Galicia	Bolsas de apoio á mellora
Abril 08 – 15 Maio Vigo	Asembleas e reunións
Abril 08 – 15 Maio A Coruña	Regulamento de réxime interno en cooperativas
Abril 09 - 12 Boiro	Dinamización do cooperativismo nun sector con potencial
Abril 09 - 12 Vigo	Elabora o teu plan de empresa cooperativo
Abril 15 e 22 Santiago de Compostela	Programa de formación especializada, módulo IV: Sácalle partido! Comercia, comunica e vende
Abril 23 - 26 Vigo	Por que non traballamos en equipo?
Abril 23 - 26 Coruña	Formación cooperativa para persoas que queren emprender
Abril 24 Santiago de Compostela	Meeting Economía Social : Encontro para cooperativas do ámbito da consultoría social
Abril Galicia	Aceleradora de proxectos de economía social

| MAIO | 2019

Maio 1ª semana Santiago de Compostela	Meeting Economía Social: Diversificación no rural: posibilidades e procesos
Maio 4 Santiago de Compostela	Estratexia de liderado grupal dos claustros nas Cooperativas de Ensino
Maio 7, 8, 14 e 15 Vigo	Cooperativas de ensino. Unha alternativa de emprego
Maio 9, 10 e 11 Vigo	Espazos Efémeros Pop Up
Maio 21 - 24 Vigo	Achegándonos ao conflito. Habilidades para a xestión do conflito

Maio 21 - 24 Porto do Son	Formación cooperativa para persoas que queren emprender
Maio 23 e 30 Santiago de Compostela	Programa de formación especializada, Módulo V: Fiscalidade e aspectos contables avanzados de cooperativas.
Maio 3ª semana Santiago de Compostela	Meeting Economía Social: Diversificación no rural: posibilidades e procesos
Maio 5-29 	Iniciación á cooperativa de traballo
Maio 5-29 	Responsabilidade social corporativa nas cooperativas
Maio Galicia	Aceleradora de proxectos de economía social
Maio 27 Santiago de Compostela	Meeting Economía Social: Industria 4.0
Maio 31 A Coruña	Mercado do Programa Semente

| XUÑO | 2019

Xuño 03 – 07 Galicia	Semana da Economía Social
Xuño 05 Santiago de Compostela	ASEMBLEA DE COOPERATIVAS SOCIAS 2019 – I - Informe da xestión anual 2018 e Plan de traballo 2020 -
Xuño 04 - 07 Vigo	Elabora o teu plan de empresa cooperativo
Xuño 07 Santiago de Compostela	Análise de problemáticas na xestión diaria dos centros de ensino de economía social
Xuño 2ª semana Santiago de Compostela	Meeting Economía Social: Diversificación no rural: posibilidades e procesos
Xuño 11, 13, 18 e 20 Santiago de Compostela	Dinamización do cooperativismo nun sector con potencial
Xuño Galicia	Aceleradora de proxectos de economía social

| XULLO | 2019

Xullo 1ª semana Lugar por confirmar	Meeting Economía Social: Financiamento
Xullo 1ª quincena Santiago de Compostela	Meeting Economía Social: Internacionalización de cooperativas e empresas de economía social. Casos e experiencias de éxito

Xullo 16 - 19 Vigo	Contabilidade para o emprendemento cooperativo
 AGOSTO 2019	
 SETEMBRO 2019	
Setembro Data e lugar por confirmar	Meeting Economía Social: temática por confirmar
Setembro 10-13 A Coruña	Cooperativas de ensino: unha alternativa de emprego
Setembro 1ª quincena Lugar por confirmar	Meeting Economía Social: Financiamento
Setembro 2ª quincena Pontevedra	Presentación Axenda do sector Tic e a economía social
 OUTUBRO 2019	
Outubro Datas por confirmar Santiago de Compostela	Achegándonos ao conflito. Habilidades para a xestión do conflito
Outubro Datas e lugar por confirmar	Foro intercomunitario de investigación xuvenil
Outubro Datas por confirmar Santiago de Compostela	Dinamización do cooperativismo nun sector con potencial
 NOVENBRO 2019	
Novembro 7, 8, e 9 A Coruña	Espazos Efémeros Pop Up
Novembro Data por confirmar Santiago de Compostela	ASEMBLEA DE COOPERATIVAS SOCIAS 2019 - II - Planificación 2020 -
 DECEMBRO 2019	
Decembro Data e lugar por confirmar	Meeting Economía Social

A Coruña - Santiago - Vigo	Orientación e acompañamento para CRECER COMO COOPERATIVA
A Coruña - Santiago - Vigo	Orientación e acompañamento no EMPRENDE MENTO COOPERATIVO
Galicia	Alianzas e convenios con entidades para promover emprego cooperativo
Galicia	Sensibilización cooperativa
A Coruña	E ti, coñeces a fórmula?
Galicia - Norte de Portugal	Impacto social no teu proxecto: Canvas Social Economía Social
Galicia – Norte de Portugal	Canles comunicativas temáticas: Economía social no ámbito tic e no ámbito cultura

Datas para recordar en 2019

Abril 06 Coles - Ourense	4º Encontro de Economía Alternativa e Solidaria de Galicia REAS GALICIA : MERCADO SOCIAL GALEGO
Abril 30 Fin de prazo de solicitude	Premios á cooperación 2019
Abril 30 Fin de prazo de solicitude	Certame cooperativismo no ensino 2019
Xuño 03 – 07 Santiago de Compostela	Semana da Economía Social
Xullo 06 Celebración + Entrega de premios	DÍA INTERNACIONAL DO COOPERATIVISMO 2019
Outubro 01 Fin de prazo de solicitude. Agás que se produza o suposto de esgotamento de crédito	Axudas Fomento do Emprendemento en Economía Social APROL ECONOMÍA SOCIAL 2019
Anual	Coop57 Galicia – SERVIZOS FINANCEIROS ÉTICOS E SOLIDARIOS

Nota aclaratoria

Este catálogo ten carácter provisional, e terá unha actualización continua.

>> Catálogo a 31 de marzo de 2019.

>> O calendario de actividades podería contar con axustes, en función da demanda ou de aspectos técnicos relacionados coa xestión dos distintos programas e proxectos.

>> A oferta de actividades podería ser ampliada, en base á negociación e aprobación de novos programas e liñas de traballo con distintas administracións públicas ou axentes colaboradores.

Colaboracións

(1) Accións enmarcadas na programación 2019 da Rede Eusumo – Xunta de Galicia.

A Rede Eusumo é unha rede de colaboración impulsada pola Secretaría Xeral de Emprego da Xunta de Galicia para o fomento do cooperativismo e a economía social que conta co financiamento do Ministerio de Empleo y Seguridad Social.



(2) Accións enmarcadas no programa Poises - Fondo Social Europeo.



Unión Europea
Fondo Social Europeo
"El FSE invierte en tu futuro"

(3) Accións enmarcadas no Convenio de Colaboración co Concello da Coruña.



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



(4) Accións enmarcadas no programa Laces (Laboratorios de apoio á creación de emprego e empresas de economía social) – Eurorexión Galicia – Norte de Portugal

Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional – FEDER



Interreg
España - Portugal
Fondo Europeo de Desarrollo Regional



